

CONCERTO DIDÁCTICO: O CREBANOCES

O trimestre pasado os **alumnos e alumnas de 4º nivel** asistiron no Auditorio de Galicia ao concerto didáctico do *Crebanoces* de P.I. Tchaikovsky, interpretado pola **Real Filharmonía de Galicia** xunto coa compañía de monicreques PER POC.

Nesta ligazón tedes información:

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/o-crebanoces-de-chaikovski>

Como sempre que vamos a un concerto didáctico, preparamos na clase de música a asistencia ao mesmo, recordando as normas de comportamento e traballando a obra con actividades previas e posteriores a dito concerto. Tamén na biblioteca do colexio, con motivo do Nadal, expuxéronse libros e CD's de música sobre a obra, que os nenos saben que poden levar en préstamo para escoitar ou/e ler na casa ou na propia biblioteca.



Os nenos e nenas amosaron un gran sentido estético e unha actitude de escoita respectuosa e atenta durante o concerto. Aquí tedes reflectidas, literalmente, as súas impresións sobre o concerto, que expresaron tanto coas súas frases como cos seus debuxos.

Gustoulles sobre todo pola música!

Estas frases repítense en case a totalidade das respostas.

- Si, porque tiña unha música moi bonita.
- Si, pola música. Foi o que máis me gustou. Era suave e bonita.
- Si, encantoume porque a música era tan bonita!
- Si, porque a música era moi relaxante.
- Non moito porque os bonecos de pequeno non me gustaban moito pero si volvería a outro concerto porque así escoitaría música relaxante.
- Si, porque a música era moi expresiva.
- Gustoume porque soaba moi bonito pero por outra parte non me gustou porque uns nenos tiñan un comportamento inapropiado.

Pola obra!

- Si. É moi entretido e gústame moitísimo. *O Crebanoces* é unha obra preciosa!
- Si, porque era moi bonita e interesante.
- Si, porque foron moi creativos.
- Non me gustou moito porque non contaba a historia real, pero se non fora por iso encantárame.

Polas marionetas!

- Si, porque non só había instrumentos, tamén había marionetas.
- Si, porque me gustou a música e as marionetas estaban moi ben.
- Si, porque os títeres eran moi simpáticos.
- Si, pola música e porque utilizaron marionetas.
- Si, porque me gustou moito o espectáculo das marionetas.
- Si, gustoume moito porque a música era moi bonita e as marionetas eran moi graciosas.
- Si, porque me encanta escoitar a música e cando hai marionetas aínda máis.
- Si, porque a música e o teatro concordaban xuntos entre si.
- Si, porque a súa música e os títeres eran increíbles. Parecían de verdade.
- Si, porque as marionetas parecían de verdade e a música dá-lle vida.

Porque os músicos e músicas tocaban moi ben!

- Si, gustoume porque os músicos tocaban moi ben e os dos títeres tamén o fixeron moi ben. Pasei un rato moi divertido!
- Si, porque o facían moi ben os violinistas e os violonchelistas.
- Si, porque tocaron xenial e impresioneime.
- Gustaríame volver porque tocaban moi ben pero o resto me pareceu moi aburrido.
- Si, porque foi moi divertido e tocaban xenial.
- Si, porque a música se escoitaba moi ben e a historia era moi divertida.
- Si, gustoume porque o ritmo da música seguía á obra.

Á pregunta de se lles gustaría volver a outro concerto responderon:

- Si, porque me encantou.
- Si, porque foi divertido.
- Si, gustaríame volver a outro concerto porque son moi divertidos e preciosos.
- Si, porque seguro que as profes nos levan a escoitar unha música bonita.
- Si, porque me gusta coñecer sitios novos e tamén porque me gusta a música.
- Si, porque se aprende moito.
- Si, para coñecer máis músicas.
- Si, porque me gusta relaxarme vendo como tocan os músicos sen ningunha dificultade.
- Si, porque seguramente a música ia ser igual ou máis bonita.
- Si, porque me encantan a música, os instrumentos e as cancións.
- Si, me gustaría pero poderíamos escoitar outros estilos.
- Si, porque me pareceu moi chulo.
- Si, porque me encanta a música e por coñecer cousas novas.
- Si, gústame moito ir aos concertos no auditorio.
- Si, porque me encantou a obra.
- Si. Encántame a música . É unha das miñas asignaturas preferidas e encántame ir oír música de todo tipo.
- Si, porque ademais de ver o concerto gústame moito ir no autobús cos meus amigos.

- Si, porque a todos os concertos que imos son moi bonitos.
- Si, porque así desconectamos un pouco a mente de tantos estudos.
- Si, porque me gusta a música clásica.
- Si, porque os músicos son moi talentosos.
- Si, porque seguro que tocarán moi ben.
- Si, porque así coñecería máis cousas sobre a música.
- Si, porque escoitaría música relaxante.
- Si, porque son orixinais.
- Si, porque ao tocar os instrumentos me relaxo e me transporta a outro mundo.
- Si, para oír outras músicas.
- Gustoume moito porque a min encántame calquera tipo de música.
- Si, porque me gusta a música en directo.
- Si, porque o concerto parece a que cando estás triste tráechete alegría.
- Gustaríame moito porque o pasei moi ben e tamén porque por un rato me despreocupe.
- Si, porque quero coñecer moitas obras e compositores.
- Si, porque son moi bonitos sobre todos os da Real Filharmonía de Galicia.
- Si, para aprender máis.
- Depende de que orquestra sexa. Hai unhas que me gustan máis que outras.

Non queda a menor dúbida: temos que seguir asistindo aos concertos didácticos!